

SaúdeAndo

ANDAINA SEMANA EUROPEA DA MOBILIDADE

Andainas Saudables

Concello de Ames

Senda verde Milladoiro - Bertamiráns

Data: domingo 20 de setembro

Distancia total: 13,23 Km

Percorrido: Lineal

Saída: zona da igrexa de San José (Milladoiro)

Hora de saída: 10:00 horas

Dificultade: media - alta

1- DESCRICIÓN:

Esta senda enlaza os núcleos de Bertamiráns e O Milladoiro a través de camiños e pistas forestais nun traxecto que percorre zonas con un interesante valor patrimonial e paisaxístico.

O seu trazado é lineal e permite incorporarse á ruta ou abandoala en varios lugares ao longo do seu itinerario, grazas á extensa rede de camiños e pistas existentes no noso rural.



2- PARTICIPACIÓN:

A idade mínima para participar é de 12 anos; aqueles participantes que sexan menores de idade terán que ir acompañados dun adulto.

Os/as participantes dividiránse en 2 grupos diferenciados por cores, que lle serán asignados pola organización, no momento da súa identificación antes do inicio da andaina. Cada grupo situarase no seu punto de saída a lo menos 5 minutos antes do comezo da andaina.

Recomendamos se acheguen ao punto de identificación con antelación para evitar aglomeracións e poder manter as medidas de seguridade.

Aquelas persoas que precisen o servizo de autobús deberán estar antes das 9:30 na Praza do Concello en Bertamiráns para o seu traslado ao Milladoiro. O horario do servizo de autobús de volta será en función da hora de remate da andaina.

Os/as participantes deberán manter en todo momento a distancia de seguridade interpersoal, agás convivintes, sendo obrigatorio o uso de máscara.

Se durante a andaina algún/ha participante sofre unha lesión ou se encontra mal debe comunicalo ás persoas de apoio que van acompañando, para que sexa atendido. Todo participante que decida retirarse antes do remate da andaina, deberá comunicalo (ben directamente a algún compoñente da mesma, ao persoal de apoio ou de protección civil)

A andaina considerárase rematada cando cheguen ao punto estipulado como final da mesma as persoas da organización que veñen pechando a andaina.

Os/as participantes deberán respectar o medio no que se desenvolve a andaina e manter limpo o entorno da mesma.

3- INSCRIPCIÓNS:

Poderán realizarse :

- A través da plataforma e /ou medios habilitados pola organización para este fin.
- As inscricións e o servizo de autobús serán de balde.
- O prazo de inscrición remata o **xoves 17 de setembro ás 23:59 horas**
- A participación queda establecida nun máximo de **50 PRAZAS**, no caso de baixas cubriranse coas persoas da lista de agarda. No caso de non cubrir as prazas admitiranse inscricións o mesmo día da proba.
- Todas as persoas inscritas recibirán un agasallo.
- Os participantes estarán cubertos por seguro de accidentes y RC.
- A inscrición e persoal e intransferible e supón a aceptación deste regulamento.

4- MATERIAL E EQUIPAMENTO:

- Recoméndase roupa e calzado cómodos, axeitados á práctica deportiva e ás condicións meteorolóxicas do día da realización da Andaina (gorra, gafas de sol, chubasqueiro...)
- Recoméndase levar unha mochila con auga e algo de comida (froita, froitos secos...) dado que non se dispón de avituallamentos ao longo do percorrido.
- Obrigatorio: máscara.

5- PROTECCIÓN DE DATOS:

Ao inscribirse os/as participantes dan o seu consentimento á organización para a captación e reprodución de imaxes/vídeos da andaina, publicación de listados de participación,....mediante calquera dispositivo (Internet, publicidade, etc.) e sen límite temporal.

6- OBSERVACIÓNS:

A organización reservase o dereito a cancelación ou aprazamento da andaina en caso de baixa participación, inclemencias meteorolóxicas moi adversas ou por calquera

outro motivo, avisando os participantes.

En caso de non poder asistir a andaina unha vez inscrito/a deberá comunicalo ao departamento de promoción da saúde enviando un correo electrónico co seu nome e apelidos a promociondasaude@concellodeames.gal ; de este xeito pasará a ocupar a súa praza unha persoa da lista de agarda. As persoas que non asistán sen avisar ou sen ter unha causa xustificada a organización reservase o dereito de tomar as medidas que considere oportunas de cara aos próximos eventos.